

## ACORDO DE GOBERNO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA

Xurxo Charlín Trigo, con DNI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

### Exposición de motivos

A modificación da ordenanza afecta ó artigo 5 da ordenanza, relativa a cota tributaria, que se ve reducida.

En virtude do disposto no artigo 25 do TRLRFL, todo acordo de establecemento ou modificación de taxas deberá adoptarse á vista dun informe técnico-económico, no que se poña de manifesto a previsible cobertura do custo que xera a prestación do citado servizo. Cabe sinalar a este respecto a Sentenza núm. 957/2003 de 21 novembro do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón, que dispón a necesidade de incluír un informe ou memoria económico-financiera tanto para a aprobación como para a modificación das mesmas, posto que é indispensable que nelas se xustifique o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e a contía da taxa proposta. Na mesma liña deben sinalarse as Sentenzas igualmente do Tribunal Supremo, de 18 de maio de 2016 e de 27 de xuño de 2016.

A modificación ven acompañada de informe técnico económico do arquitecto municipal en cumprimento do artigo 25 TRLRFL, antes exposto, e ó efecto de aplicar o disposto no artigo 24.1.a) da mesma ley, que sinala que “o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local se fixará, con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público. A tal fin, as ordenanzas fiscais poderán sinalar, en cada caso, atendendo a natureza específica da utilización privativa o do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada.”

O informe do arquitecto municipal trata de determinar ese valor de mercado atendendo o valor catastral medio da superficie pública a ocupar, segundo a categoría de rúa e a temporada. A continuación, para chegar ata o valor de mercado, fai referencia ó incremento de negocios de hostalería no concello durante o exercicio 2016.

O valor catastral medio da superficie pública a ocupar é tomado do valor catastral medio do chan do concello, situado en 16,97 €/m<sup>2</sup>. Tomando este importe como media, establece o importe específico de cada unha das categorías de rúas do municipio, incrementando o valor das rúas de primeira categoría respecto do valor medio e diminuindo o valor das rúas de segunda e terceira categoría respecto do valor medio. Por último, determina que o incremento de negocios de hostalería no concello diminúe o valor de mercado, xa que o aumento de competencia derivado da existencia

de mais negocios con posibilidade de instalar mesas e cadeiras fai que o valor de mercado desas ocupacións diminúan.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, propón que, previo dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

**1º) MODIFICAR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

**PRIMEIRO.-** Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, nos termos que se transcriben a continuación:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

**PREÁMBULO**

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa

**ARTIGO 5- Cota tributaria**

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

**TARIFAS**

Concepto	€/m2/ano		
	Rúas de 1ª	Rúas de 2ª	Rúas de 3ª
Ocupación ou reserva de vía pública con mesas, cadeiras ou semellantes	18,00 €/ano	13,00 €/ano	10,00 €/ano

Con carácter excepcional, durante as Festas do Albariño, para a promoción tanto da festa como do viño albariño, os establecementos de hostelería poderán efectuar unha venda nos exteriores dos seus locais. Para tal fin, deberán formular a correspondente solicitude de autorización perante a Alcaldía, previo ingreso nas arcas municipais das cantidades fixadas nesta tarifa.

Concepto	€/m2/ano		
	Rúas de 1ª	Rúas de 2ª	Rúas de 3ª
Barras e terrazas que impliquen o corte da rúa	64,40 €/ano	48,25 €/ano	34,10 €/ano
Resto de terrazas	35,28 €/ano	26,43 €/ano	18,68 €/ano

Dita autorización deberá solicitarse como mínimo 20 días naturais antes do comezo das Festas do Albariño, debendo estar ó corrente coas obrigas tributarias do concello.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Cambados, a 20 de Outubro de 2017.

Documento asinado na Sede Electrónica do Concello de Cambados, Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.